

TECIDO

CRU

DESEÑAR E CONSTRUÍR

Exercicio e Didáctica no Deseño

14 xaneiro/ 21 febreiro 2016.
Casa Galega da Cultura.Vigo.

TECIDO CRU. DESEÑAR E CONSTRUIR
Exercicio e didáctica no deseño

Deseñadores/as

Pilar Álvarez Alegría

Verónica Arjomil García

Jose Cortizo Canitrot

Nuria Doce Lamas

Isabel Doménech Torres

David Domínguez Buceta

Ana Micaela Fernández Martín

Melania Freire Vázquez

Paloma García Santos

Luis Mariño Bouzada

Lorena Paz Chaves

Sara Pérez Fernández

Carmen Soto Pazos

Sara Vázquez Edreira

Fotografía

Fernando Suárez Cabeza. Profesor da Universidade de Vigo

Comisarias

Lola Dopico. Profesora da Universidade de Vigo

Cristina Varela Casal. Profesora da Universidade de Vigo

Grupo de investigación DX/. Laboratorio Visual.

O centro conceptual do que parte esta exposición áchase trazado polas accións de percibir e sentir o tecido. Enfrontarse ao tecido como á follá en branco por primeira vez. Valorar a súa trama, o como as fibras se organizan xa sexa a través de adherencias ou por entrelazado. Observar o aberto e pechado da unión, a súa aspereza ou suavidade, rixidez, maleabilidade, dureza ou fraxilidade. Ante un tecido cru, sen tinguir, sen estampar, estamos obrigados a ir cara a dentro para pensar o fóra, debemos observar e aproveitar as colidades que nos ofrece o material.

Partimos de propor a estes creadores o reto de traballar desde a nudez do material. E para iso deseñamos un proceso en dúas fases que se superpoñen e entrelazan. Seleccionar o tecido máis axeitado, estudando a súa propia materialidade e as condicións que pode achegar, prescindindo da posibilidade que brinda a cor e os acabados. E a un tempo considerar a reacción ante as intervencións que podemos facer sobre a súa superficie, todas aquelas decisións construtivas que se activan en busca da conformación dunha silueta.

Operacións que modifican a planicie téxtil a través de frunces e foles, dando forma a pregues e plisados. Valorizando esa superficie na que entrasen en dialogo os xogos de luces e sombras, as texturas e a volumetría, os ensambles e vínculos entre os planos e percorridos que se suman dando forma ás liñas construtivas dunha peza de indumentaria.

Germano Celant a propósito da obra téxtil de Louise Bourgeois describía así o vestido “Algo no exterior que reflecta o que esta dentro. A estrutura dunha linguaxe adáptase para seguir o contorno dunha persoa e para amoldarse ás súas limitacións físicas que poden dicirnos algo dos trazos significativos desa persoa”

Iso que denominamos silueta, e que xorde ao trazar o contorno do corpo, é un dos eixos vertebrais da linguaxe da indumentaria. Define e acouta o corpo e a súa anatomía, conteno e pono en relación co espazo, a través dunha concepción forzosamente tridimensional, que permite ao corpo proxectarse no espazo circundante en calquera das súas direccións, pódeo ampliar, soportar ou empequencenecer; levalo cara á exterioridade ou cara ao máis íntimo, cara a dentro. Podemos xerar asimetrías ou equilibrios compensados en todos os seus puntos de vista. Podemos simplemente revestir seguindo a pegada anatómica ou xerar rupturas de sentido entre o corpo-soporte e a vestido-envoltura, problematizando o campo e introducindo novos elementos na ecuación corpo - vestido.

Todas as pezas presentes na exposición parten dun achegamento que se pretende cru e desprexuízado dende o experimental á morfoloxía do corpo. O punto de partida xira a partir dun problema que sempre é central, a articulación do soporte ao corpo, a suxeción da peza de indumentaria ao corpoe unha condición que ten que resolverse. Para a resolución dun vestido, ben sexa a través de operacións de envolvente ou dun sistema de planos unidos, sempre

teremos de resolver como vincular a peza ao corpo. Esta necesidade centra na zona do colo e os ombreiros unha gran parte dunha gran parte da forza proactiva destes traballos.

A imaxe dunha crinolina fusionada coa construción do pavillón de Sir Joseph Paxton para a Gran Exposición de 1851, ou os paralelismos trazados por Semper entre espazo doméstico e o ámbito do vestido, baixo o “ principle of dressing” Será máis tarde Loss o que sinalará. “Esta é a secuencia na que o home aprende a construír. No comezo foi o vestido”. Non é desdeñable o parentesco etimolóxico entre, habitación e hábito, procedentes ambas as da raíz latina habitar (o que se ten , o que se posúe) evolucionou nesas dúas acepcións que designan unidades esenciais, en canto habitabilidade e cobertura do corpo.

Coincidencias, referencias comúns e inspiracións habitan nos volumes que estes creadores articularon nas siluetas presentes nesta exposición así como modularidade, repetición, pregado, unión, estruturación, suspensión, soporte ,etc. Operacións que nos levan a pensar o vestido como un elemento capaz de articular múltiples significados en relación ao corpo pero tamén independentemente de este. Capaz polo tanto de ordenar unha relación co espazo en canto obxecto construído.

Lola Dopico



Pilar Alvarez Alegría



José J. Cortizo Canitrot



Isabel Doménech Torres



David Domínguez Buceta



Ana Micaela Fernández Martín



Melania Freire Vázquez



Paloma García Santos



Luis Mariño Bouzada



Lorena Paz Chaves



Sara Pérez Fernández



Sara Vázquez Edreira



Carmen Soto Pazos